Ao Sr. Alcalde do Concello de Ribeira

Diante das intencións da Consellería de Pesca –coa complicidade indignante da de Medio Ambiente– de esnaquizar 308.000 m2 de litoral corrubedense virxe na punta da Laxe Brava por medio do Plan de Acuicultura de Galiza, o Concello de Ribeira pode recorrer á Lei Galega de Conservación para afastar os seus bens máis prezados das poutas das transnacionais e a especulación.

A lei galega de conservación da natureza (Lei 9/2001, do 21 de agosto) establece, entre outras figuras de protección, a de **Espazo Natural de Interese Local**, que regulada polo Decreto 124/2005, do 6 de maio di textualmente: *"Por petición do concello e logo de informe da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda, a Consellería de Medio Ambiente poderá declarar como* ***espazos naturais de interese local*** *aqueles espazos integrados no seu termo municipal que polas súas singularidades sexan merecedores dalgún tipo de protección dos seus valores naturais."*

O Concello de Ribeira ten na súa man salvar a Laxe Brava eo Corgo, pois o decreto que regula os Espazos Naturais de Interese Local é moi claro di: **"Os plans de conservación serán vinculantes, tanto para as administracións públicas coma para os particulares, prevalecerán sobre o planeamento urbanístico e a súa aprobación levará aparellada a revisión dos plans territoriais ou sectoriais incompatibles con eles."** O ACUÍCOLA É UN PLANO SECTORIAL.

Os e as embaixo asinantes SOLICITAMOS AO GOBERNO MUNICIPAL DE RIBEIRA QUE INICIE OS TRÁMITES PARA DECLARAR O CABO CORRUBEDO E A LAXE BRAVA, ESPAZO NATURAL DE INTERESE LOCAL, CUNHA ASIGNACIÓN ORZAMENTARIA PARA FOMENTAR O DESENVOLVEMENTO SUSTENTÁBEL DA NATUREZA E AS POBOACIÓNS LOCAIS.

Promoven: Plataforma Medioambiental de Corrubedo e Adega. Corrubedo, verán de 2008

Nome e apelidos	DNI	Localidade	Sinatura